

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN 1º ESO

Realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha avaliación final. A sesión de avaliación final coincidirá coa sesión da terceira avaliación parcial.

A 1ª avaliación terá lugar na semana do 16 ao 19 de decembro. A 2ª avaliación terá lugar na semana do 17 ao 20 de marzo. A 3ª e avaliación final terá lugar entre os días 23 e 24 de Xuño.

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso calcularase aplicando a ponderación asignada ás unidades didácticas impartidas no trimestre (ver apartado 3.1 desta programación)

O curso estará avaliado seguindo o seguinte modelo: por cada avaliación haberá unha proba escrita que ponderará cun 35 %, un proxecto, 35% e tarefas en formato dixital cun peso dun 30%

A avaliación considerase aprobada cando a nota ponderada dos instrumentos de avaliación do trimestre supere o 4,75

As notas de cada unha das avaliacións obteranse da seguinte forma:

• 1ª AVALIACIÓN

Unidade didáctica 1. Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 11% . PESO NO TRIMESTRE: 33.3 %.

Unidade didáctica 2. Procedemento de Avaliación: maqueta construída e memoria técnica. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 11% PESO NO TRIMESTRE: 33.3 %.

Unidade didáctica 3. Procedemento de Avaliación: tarefas dixitais. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 11% PESO NO TRIMESTRE: 33.3 %.

• 2ª AVALIACIÓN:

Unidade didáctica 4. Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 12%. PESO NO TRIMESTRE: 35.3 %.

Unidade didáctica 5. Procedemento de Avaliación: maqueta construída e memoria técnica. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 12%. PESO NO TRIMESTRE: 35.3 %.

Unidade didáctica 6. Procedemento de Avaliación: tarefas dixitais. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 10%. PESO NO TRIMESTRE: 29,40%.

• 3ª AVALIACIÓN

Unidade didáctica 7. Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 12%. PESO NO TRIMESTRE: 36.36 %.

Unidade didáctica 8. Procedemento de Avaliación: maqueta construída e memoria técnica. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 11%. PESO NO TRIMESTRE: 33.34 %.

Unidade didáctica 9. Procedemento de Avaliación: tarefas dixitais. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 10%. PESO NO TRIMESTRE: 30.3 %.

A nota final do curso virá dada pola nota ponderada das notas de cada unha das 3 avaliacións do curso. Polo tanto aplicarase a seguinte fórmula:

$NOTA\ FINAL = 33\% 1ªaval + 34\% 2ªaval + 33\% 3ªaval.$

A materia considerase aprobada cando a nota ponderada das unidades do curso supere o 4,75.

No boletín de notas indícanse as cualificacións das tres avaliacións parciais e tamén a da final. A cualificación da final atenderá aos criterios antes citados, podendo ser inferior, igual ou superior á nota obtida na 3ª parcial.

• Criterios de recuperación:

O alumnado que non aprobase algunha avaliación deberá realizar probas de recuperación daquelas unidades didácticas da avaliación que non superou.

As recuperacións das unidades suspensas realizaranse nos primeiros 30 días á volta do período de vacacións. No caso da 3ª avaliación, o alumnado poderá recuperala antes do remate da mesma.

A recuperación realizarase sobre as unidades didácticas non superadas necesarias para que a nota ponderada sexa superior a 4,75.

O instrumento de avaliación para recuperar as unidades non superadas será unha proba puntuada de 0 a 10. A cualificación de cada proba corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades.



DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA. CURSO 2024/25

TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN 2º ESO

Criterios de cualificación:

Realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha avaliación final. A sesión final coincidirá coa da terceira avaliación.

No boletín de notas indicaranse as cualificacións das tres avaliacións parciais e tamén a da final. A nota da avaliación final poderá ser inferior, igual ou superior á do 3ª parcial

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións parciais do curso, virá dada pola nota obtida da ponderación das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas no trimestre. Esa ponderación establecerase en base aos pesos otorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación.

Os instrumentos de avaliación, de forma xeral, terán os seguintes pesos:

- Exames (proba escrita sobre contidos conceptuais e/ou proba práctica a ordenador): 35 %.
- Proxecto técnico (prototipo construído e memoria técnica): 35 %
- Tarefas de clase (en formato dixital ou en papel): 30%.

Unha avaliación considérase aprobada cando a súa nota sexa igual ou superior a 4,75.

A nota final do curso virá dada pola media aritmética das notas de cada unha das 3 avaliacións do curso. Polo tanto aplicarase a seguinte fórmula:

$$\text{Nota final} = (\text{nota da 1ª avaliación} + \text{nota da 2ª avaliación} + \text{nota da 3ª avaliación}) / 3.$$

A materia considérase aprobada cando esa nota final sexa igual ou superior a 4,75 (mesmo no caso de ter algunha avaliación suspensa).

O alumando coa materia suspensa, terá dereito a unha recuperación, que se detalla a continuación.

Criterios de recuperación:

A recuperación dunha avaliación suspensa realizarase nas dúas primeiras do inicio da seguinte. No caso da 3ª avaliación, estás poderá recuperarse antes do remate da mesma.

Esa proba de recuperación será baremada de 0 a 10 puntos, e se considerará aprobada cando a súa nota sexa igual ou superior a 4,75.

O alumnado cuxa nota final (calculada tendo en conta as recuperacións) sexa inferior a 4,75 deberá presentarse a unha proba final. A esta proba poderá presentarse con toda a materia ou só coas avaliacións que teña suspensas.

Unha vez corrixida esa proba, volverá a calcularse a nota final coas novas cualificacións obtidas nela. Se esa media final resulta igual ou superior a 4,75 o alumno terá a materia aprobada. En caso contrario terá a materia suspensa na avaliación final.

TECNOLOXÍA 4º ESO

Criterios de cualificación:

Realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha avaliación final. A sesión de avaliación final coincidirá coa sesión da terceira avaliación parcial.

No boletín de notas indicaranse as cualificacións das tres avaliacións parciais e tamén a da final. A nota da avaliación final poderá ser inferior, igual ou superior á nota obtida no 3ª parcial.

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións parciais do curso, virá dada pola nota obtida da ponderación das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas no trimestre. Esa ponderación establecerase en base aos pesos otorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Os instrumentos de avaliación, de forma xeral, terán os seguintes pesos:

- Exames (proba escrita sobre contidos conceptuais e/ou proba práctica a ordenador): 35 %.
- Proxecto técnico (prototipo construído e memoria técnica): 35 %
- Prácticas e tarefas de clase (prácticas de simulación, debuxo 3D ou robótica, montaxes electrónicas e/ou pneumáticas: boletíns de exercicios): 30%.

Unha avaliación considérase aprobada cando a súa nota sexa igual ou superior a 4,75.

A nota final do curso virá dada pola media aritmética das notas de cada unha das 3 avaliacións do curso. Polo tanto aplicarase a seguinte fórmula:

$$\text{Nota final} = (\text{nota da 1ª avaliación} + \text{nota da 2ª avaliación} + \text{nota da 3ª avaliación}) / 3.$$

A materia considérase aprobada cando esa nota final sexa igual ou superior a 4,75 (mesmo no caso de ter algunha avaliación suspensa).

O alumando coa materia suspensa, terá dereito a unha recuperación, que se detalla a continuación.

Criterios de recuperación:

A recuperación dunha avaliación suspensa realizarase nas dúas primeiras do inicio da seguinte. No caso da 3ª avaliación, estás poderá recuperarse antes do remate da mesma.

Esa proba de recuperación será baremada de 0 a 10 puntos, e se considerará aprobada cando a súa nota sexa igual ou superior a 4,75.

O alumnado cuxa nota final (calculada tendo en conta as recuperacións) sexa inferior a 4,75 deberá presentarse a unha proba final. A esta proba poderá presentarse con toda a materia ou só coas avaliacións que teña suspensas.

Unha vez corrixida esa proba, volverá a calcularse a nota final coas novas cualificacións obtidas nela. Se esa media final resulta igual ou superior a 4,75 o alumno terá a materia aprobada. En caso contrario terá a materia suspensa na avaliación final.